


Competencia profesional docente:

Son o conxunto de coñecementos, capacidades, actitudes e comportamentos que permiten desempeñar de forma eficaz e eficiente a función docente; aplicando e adaptando os coñecementos ás distintas situacións e requirimentos profesionais; sendo capaz de relacionarse e participar de forma activa en todos os ámbitos da comunidade educativa; e de resolver problemas de forma autónoma e flexible.



Competencias instrumentais e transversais:

Teñen unha función instrumental, non son un fin en si mesmas para educar, poden ser de natureza lingüística, metodolóxica, tecnolóxica e cognoscitiva, propias del perfil académico e profesional de cada especialidade.

Competencias xenéricas de perfil:

Están ligadas ao ámbito docente, e son xenéricas para todo o profesorado.

competencias xenéricas de perfil

Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do/a alumno/a.

- Programación, seguimento e avaliación.
- Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin.
- Acción titorial e atención á diversidade.
- Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.

Membro dunha organización.

- Orientación pedagóxica, académica e profesional.
- Normativa.
- Xestión administrativa de centro e calidade.
- Organización, planificación, coordinación.
- Xestión da participación e implicación en proxectos comúns.
- Cooperación, colaboración e construción conxunta de coñecemento.
- Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais.
- Centros saudables e seguridade integral.

Interlocutor/a e referente na comunidade educativa.

- Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora.
- Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético.
- Mediación, resolución de conflitos.

Investigador/a e innovador.

- Diagnóstico e avaliación da práctica docente.
- Realización e execución de propostas.
- Investigación formativa. TAC. Alfabetización mediática e informacional.
- Responsable da formación permanente: itinerario formativo persoal.

Especialista na súa materia.

- Coñecemento na área de educación.
- Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares.
- Xestión do coñecemento existente.

Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras

- Destrezas comunicativas verbais e non verbais.

Competente en tecnoloxías da información e a comunicación.

- Software.
- Dispositivos
- Ferramentas institucionais.

competencias instrumentais e transversais